



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro, 1
36995-Poio (Pontevedra)

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS DEZ REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día trinta de setembro de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto villaverde Méndez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González. Escusa a non asistencia a Concelleira D^a. Luz Senra Lorenzo. Asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz e D^a. Olga Fernández Rodríguez en calidade de interventora municipal; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3158.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 29/07/2008, 13/08/2008 E 09/09/2008.-Dáse conta das actas anteriores de datas 29 de xullo de 2008, 13 de agosto de 2008 e nove de setembro de 2008.

O Sr. Domínguez Álvarez di que estaba presente na sesión plenaria de data nove de setembro de 2008, pero que na acta non consta e que se revise a acta por si influe nas votacións de adopción de acordos.

A secretaria xeral do Concello di que se vai computar en cada un dos acordos da devandita acta por se houbera que modificar o número de votos.

A vista da rectificación sinalada, a acta quedou aprobada por unanimidade.

Neste momento entra no Salón de Sesións o concelleiro D. Miguel Anxo Pazos Barros.

3159.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-Pola secretaria se dá conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3142.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 11/07/2008, SUBVENCIÓN "OBRADOIRO DE EMPREGO POIO IV" Á CONSELLERÍA DE TRABALLO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo; 3143.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA ICIO CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTES DE URBANISMO: 235/08 DE D. AGUSTÍN MARTÍNEZ UCHA; 236/08 CÁNDIDO JABOIS; 237/08 D. VIVENCIO PIÑEIRO ESPERÓN; 238/08 D^a. MARÍA DEL CARMEN LUISA FRANCO RODRÍGUEZ E 241/08 D.

JOSÉ LUIS VILLAVERDE MORA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 3144.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP NA DEFENSA DA XORNADA LABORAL "NON AS 60-65 HORAS SEMANAIS".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno e ao Parlamento Europeo; 3145.- RATIFICACIÓN DO ACORDO 4908, RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN ACORDO PLENO APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ALLEAMENTO PARCELA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA CON PETICIÓN DE SUSPENSIÓN DO PROCEDIMENTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3146.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ADHESIÓN-CONSTITUCIÓN PROGRAMA LEADER PARA GRUPOS PARA DESENVOLVEMENTO RURAL (GPR) PERIODO 2007-2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao ADR PRODER; 3147.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA ICIO CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE URBANISMO 234/08, DE D^a. CONCEPCIÓN VILLANUEVA RODRÍGUEZ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3148.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 11/2008, CRÉDITO EXTRAORDINARIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no BOP; 3149.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA 12/2008, SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no BOP; 3150.- URBANISMO, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL CATÁLOGO DE EDIFICIOS E CONXUNTO DO CONCELLO DE POIO, DE DESCATALOGACIÓN DO BEN PROTEXIDO NÚM. 16-B15, NA RÚA CLEMENTE ECHEVERRÍA, 1-RAXÓ, PROMOVIDO POR D^a. CAROLINA ECHEVERRÍA PARDO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no DOG, "Diario de Pontevedra", "Faro de Vigo", taboleiro de anuncios do Concello de Poio e remitiuse, xunto con copia do Proxecto, ao Servizo de Protección do Litoral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, á Consellería de Cultura e Deportes e ao Servizo Provincial de Estradas da Dirección Xeral e Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para os efectos de que por partes dos devanditos organismos se emitira informe sectorial ao que se refire o artigo 85.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; 3151.URBANISMO, EXP.343/08.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E APROBACIÓN INICIAL DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL, DO CONCELLO DE BARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concello de Barro; 3152.- DESENVOLVEMENTO LOCAL, ADHESIÓN DO CONCELLO Á CARTA DE AALBORG+10.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; 3154. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS COMPRENDIDAS DENTRO DO PROXECTO DE CASA DE CULTURA DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao adxudicatario e aos licitadores, remitiuse e publicouse anuncio no Perfil do Contratante e Boletín Oficial da Provincia; 3155.- RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA FIXANDO CONTIDOS SERVIZOS ESENCIAIS CONVOCATORIA FOLGA INDEFINIDA SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E DESRATIZACIÓN DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Federación de Servizos de Pontevedra, CESPAS, SA, Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e á Subdelegación do Goberno; 3157.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS COMPRENDIDAS DENTRO DO PROXECTO DE CASA DE CULTURA DE RAXO.- Uniuse

certificación do acordo ao expediente, notificouse ao adxudicatario e ao resto dos licitadores, remitiuse e publicouse anuncio no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia e formalizouse contrato coa empresa adxudicataria."

A corporación dáse por enterada.

3160.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.-Pola secretaria xeral, dáse conta das resolucións da Alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

O Sr. Domínguez Lino denuncia desde o PP que non estaban á súa disposición as resolucións e que, unha vez máis, queren denunciar que nas resolucións da alcaldía viron datos sobre o custo das horas extras de xullo e agosto de 59.000 € e sobre gastos de hoteis e comidas que son datos importantes para telos despois en conta para tratar os asuntos posteriores.

Hai 24 traballadores que sobrepasan as 80 horas anuais permitidas e, deles, seis traballadores pasan das 325 horas extraordinarias.

Neste momento entra o Concelleiro D. Alberto Villaverde Méndez.

A interventora municipal fai constar, en relación co persoal funcionario que desde o punto de eficiencia e da economía do gasto e para non vulnerar o disposto na lexislación sería conveniente crear e cubrir, mediante o oportuno proceso as prazas de persoal funcionario necesario que apoien nas funcións ao persoal que realiza todos os meses de forma reiterada horas extras.

En canto ao persoal laboral, o artigo 35.2 do Estatuto dos Traballadores establece que non se poden realizar máis de 80 horas extras ao ano e o custo nos últimos catro meses foi: maio 24.850 €, xuño 29.052 € e xullo - agosto 59.940 € o que fai un total de 113.842 €, 19 millóns das antigas pesetas.

A corporación dáse por enterada.

3161.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS 2009.-Pola secretaria xeral do Concello, dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2008 e que di o que segue: "8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS 2009.- Dáse conta do expediente e da proposta da alcaldía de data 11 de setembro de 2008 sobre modificación de Ordenanzas Fiscais para o exercicio 2009 sendo as Taxas de Prestación do Servizo de Recollida de Lixo, a de Prestación do Servizo de Tratamento e Eliminación de Lixo, a de Análise de Vertidos e Inspeccións de Augas, a de Entrada de Vehículos a través de beirarrúas e Reservas de Vía Pública para Aparcamento Exclusivo, Parada de Vehículos e Carga e Descarga de Mercadorías de calquera clase e a de Taxa do Servizo Público de Grúa, o incremento proposto é do 4,9% correspondente ó IPC interanual de agosto de 2007 a agosto de 2008 e o incremento proposto para a Taxa de Subministro de Auga e pola Taxa de Saneamento de Auga será de 1,84 % e do 7,69%,

respectivamente, segundo o disposto no Prego de Cláusulas Administrativas que rixen na contratación de ditos servicios e do informe da intervención municipal de data 11 de setembro de 2008.

A Sra. Nieto García manifesta que van a votar en contra da subida de prezos entendendo que non é o momento dada a situación económica que está moi mal para as familias.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, 3 votos en contra do PP e ningunha abstencións acordou, de acordo co previsto no artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, propór ó Pleno a adopción das dúas propostas: 1ª Aprobación das Ordenanzas Fiscais e 2ª A non aprobación das Ordenanzas Fiscais".

O Sr. Barreiro Lubián di que a proposta de modificación oscila entre o 1,84 % auga e 7,69 % para a taxa de saneamento. Estas taxas teñen a concesión do servizo e réxense pola fórmula de revisión de prezos e o resto dos servizos suben en 4,9 (lixo) polo que cremos que son subas que están unhas por debaixo do IPC e outras por enriba como o saneamento. Ao non actualizar as taxas os veciños que non teñen os servizos, estarían pagando por non incrementar aos demais.

O Sr. Domínguez Lino di que o IPC 4,6 para setembro (0,3 por enriba).

"El tiempo da y quita razones y pone a cada uno en su sitio. Y hoy llegó el momento en que el Partido Popular demostrará durante varios puntos del pleno, con cifras y hechos los despilfarros de este desgobierno del Sr. Sobral y la Sra. Besada, es decir del BNG-PSOE. El cual en menos de 1 año y cuatro meses de gobierno van a aprobar con las de hoy más de 1.050.000 euros en facturas extrajudiciales, es decir que no tienen crédito y no estaban presupuestadas.

Las cacicadas, los favores a cambio de votos el Sr. Sobral y de la Sra. Besada desde el 2.007 se han duplicado con este bigobierno. **El "BENEFICIO DE UNOS POCOS"**, al final **lo pagan todos los vecinos de Poio**, y esto lo llevamos denunciando y probando desde que este grupo municipal entro en la corporación en el año 2.003.

Los sueldos de la alcaldía se han duplicado, aunque se enfade la Sra. Besada, pero que le llamemos a veces alcaldesa esta razonado en su sueldo, ya que queremos recordarle Sra. Besada que su sueldo es como alcaldesa, ya que sabe **e impuso** cobrar dos céntimos de euros menos que el alcalde. Por tanto cuando le llamemos alcaldesa no se enfade, ya que le demostramos que tenemos razón. Por lo menos en el sueldo...

El pacto de este gobierno en Poio, nos ha costado a los vecinos de Poio otros 50.000 euros más de lo que se pagaban en sueldos a miembros de gobierno en el año 2.007, y la mayoría de ellos por culpa del sueldo de la Sra. Besada.

Los gastos de teléfono, de asistencias protocolarias, de publicidad y propaganda casi se duplican este año también.

Así:

Concepto	2.007(Presup.)	2.008(gastado)	<u>Incremento.</u>
Teléfono:	55.000	88.000	<u>33.000 euros.</u>
Atenc.Protoc:	26.000	52.000	<u>26.000 euros.</u>
Public y Prop:	18.000	30.000	<u>12.000 euros.</u>

Estos excesos por el pacto al final los pagan los de siempre los vecinos de Poio, los cuales tienen ya sus bolsillos vacíos

de rascarse siempre los mismos.

Nos proponen subidas de Taxas de un 4,9% , en basura, grua y vados. De un 1,84% en agua y una subida de 7,69% en saneamiento, por cierto en donde seguimos vertiendo delante de los bancos marisqueros y seguimos un año más sin la depuradora de Raxo, lo que hace que casi 2 parroquias sigan vertiendo directamente a la Ria.

El agua con la propuesta del BNG-PSOE nos costara 47,20 euros al año (solo en la cuota de mantenimiento, sin contar el incremento del consumo que también lo suben) en vez de los 46,35 que pagamos este año. El saneamiento nos costara 78,87 euros, es decir 13.123 de las antiguas pesetas, frente a los 73,24 euros de este año, por tanto pagaremos 5,63 euros más este año solo de saneamiento, y en basura de los 99,52 euros que pagamos pasaremos a pagar 104,4 euros, es decir 4,88 euros más. Por tanto de estos 3 conceptos de agua, saneamiento y basura y solo de costes de mantenimiento, sin contar los consumos, supondrá a los vecinos pagar 11,36 euros más al año es decir 1.890 de las antiguas pesetas.

Desde el Partido Popular no vamos a apoyar dichas propuestas, su única política económica de los últimos años y que continúan desarrollando con el consentimiento y la aprobación del PSOE se basa en subidas de taxas e impuestos por encima del IPC todos los años y acudir al endeudamiento bancario, el cual les recuerdo que en Poio, este año estamos ya en los 8,7 millones de euros de deuda con los bancos, es decir que debemos mas de 1.445 millones de las antiguas pesetas.

Frente a esta propuesta, el Partido Popular les vuelve a proponer una alternativa, una alternativa frente a su desfachatez y que siempre perjudica a los mismos, a los vecinos de Poio.

El Partido Popular presenta una propuesta de congelación de todas las taxas que ustedes proponen. Frente a ese 4,9%, nosotros proponemos un incremento del 0%, frente a ese 1,84 % del agua nosotros proponemos 0% de incremento y frente al 7,69% de subida en saneamiento el Partido Popular propone una subida del 0%.Año 2.009, por cierto que los vecinos de Poio sufriremos las consecuencias de la grave crisis económica que padece Galicia y España.

Después de hacer un análisis riguroso y exhaustivo que esta propuesta supone y partiendo de los derechos ya reconocidos en el año 2.007 (como saben ultimo año disponible) podemos afirmar y probar que nuestra proposición costara al Concello, cantidad aproximada que dejara de ingresar, de 92.000 euros, y que por partidas dichas cantidades serían:

- Basura: 41.978 euros.
- Saneamiento: 36.528 euros.
- Agua: 11.776 euros.
- Vados: 890 euros.
- Grua: 709 euros.

Es decir un TOTAL DE 91.842 EUROS.

Para que nuestra propuesta sea completa, no la puedan rechazar y no nos tilden de demagogos, también les vamos a proponer de donde ahorrar esos 92.000 euros para que tampoco los tenga que soportar el Concello. Esta nueva propuesta es independiente y no utilizamos las partidas que ya les propusimos eliminar o rebajar en el plan de saneamiento que también les propusimos y no aceptaron desde el

Partido Popular en mayo pasado y que les recuerdo que ahorrarían realmente al Concello 800.000 euros de gastos.

Nuestra oferta se basa en el ahorro en los siguientes conceptos:

- Congelación salarial de los miembros del gobierno 4.000 €. (Suponiendo un IPC del 4 %).
- En Teléfonos un ahorro de 30.000 euros (volviendo a los gastos presupuestados en el 2007 de 57.000 euros).
- En atenciones protocolarias 25.000 euros (llevamos 52.000 euros gastados en el 2.008)
- En publicidad y propaganda 15.000 euros.
- En material de oficina 10.000 euros.

Y para completar esos 92.000 euros, proponemos una rebaja del sueldo de la alcaldesa en 10.000 euros, para que así además le podamos dejar de llamar alcaldesa y que tenga un sueldo acorde a sus funciones como 1ª Teniente Alcalde y así dicho pacto BNG-PSOE deje de ser tan oneroso para los vecinos de Poio.

Por tanto como pueden comprobar desde una oposición, responsable, desde una oposición fiscalizadora y controladora y desde una oposición que presenta alternativas frente a sus políticas económicas y por el bien de los vecinos de Poio y de sus economías, y desde este Concello podemos liberar un poco más de lo cargadas que están, con tanto incremento de la cesta de la compra, del incremento del carburante, de las hipotecas, por lo menos que desde las tasas e impuestos del Concello de Poio, les podamos dar un respiro, repito durante un año el cual va a ser muy complicado económicamente para todos, les pedimos que apoyan dicha propuesta y que como les presentamos, con un plan austero, de racionalizar los gastos, con un plan de abrocharse todos el cinturón se puede aprobar sin problemas nuestra propuesta sin repercutir en las ya debilitadas arcas municipales."

O Sr. Alcalde manifiesta que en relación á conxelación de soldos do equipo de goberno é mellor que se conxelen os dos membros das Corporación.

O Sr. Domínguez Lino responde que as nosas asistencias están fixadas para catro anos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o IPC do ano 2007 foi 4,9% e o IPC dos últimos 12 meses tamén é do 4,9%. Témonos que basear nunha cantidade que pode variar moi pouco a fin de ano.

O ano pasado subíronse as taxas un 3% e o IPC foi do 4,9%, polo que o Concello subiu 1% menos as taxas.

Trátase de fixar unha cifra razoable en torno ao IPC.

Os IPCs desde o ano 95 ata agora supoñen un 51,53% en aumentos de auga e o IPC acumulado foi 59,62%, polo que a auga subiu 18 puntos menos.

A suba do saneamento foi de 19 puntos menos da subida do IPC desde o 98.

Vostede chama despilfarrar a dar servizos aos veciños: luz,

auga, reparación de estradas e outros; para nós todo o que sexa mellorar os servizos está ben gastado.

Sobre o de 1.050.000 € sen crédito, non é certo. Nós fixemos o gasto antes de estar aprobados, pero temos crédito señores.

Co que se deixou de gastar no 2007 estanse a financiar gastos deste ano. A situación económica é infinitamente mellor que a do ano 1995. Vostedes están tratando de crear un ambiente hostil ao equipo de goberno e de paralizar o funcionamento dos servizos.

En relación aos soldos, algúns alcaldes veciños teñen o triple de soldo que o do Sr. Alcalde de Poio, e hai concelleiros que teñen 12.000 € ao ano, como en Concellos da Lama, Pontecaldelas e outros que non se mencionan e a nós non nos parecen tan desorbitados como din os soldos do noso alcalde.

Con respecto á factura do teléfono, o Sr. Barreiro Lubián di que efectivamente se gasta, pero se nos poñemos a contar os centros que temos, poderíamos dar de baixa os preescolares que antes non tiñan, tamén o teléfono de Servizos Sociais, Ferreirós, instalacións deportivas... Penso que o teléfono subiunos a todos.

En relación ás atencións protocolarias, 52.000 €, o PP está en todas as atencións protocolarias. Se a Deputación invita a todos os mariscadores a un encontro, iso non o teñen como un gasto protocolario e tamén as comidas de persoal van en atencións protocolarias.

No relativo á depuradora de Raxó é verdade que non a temos e que se están a verter máis de 1.000.000 m³. En canto o PP dixo que había que facer a depuradora, isto retrasouse. Non sei porqué, pero é así.

Os impostos supoñen 14,22 € de subida por vivenda e o Sr. Domínguez di que se non se fan os veciños ían aforrar 90.000 €. Se non se sube sería inxusto porque hai veciños que non teñen servizos. Cada un ten que pagar polos servizos que recibe. Se se fixera o que di o Sr. Domínguez, no Concello estaríamos en creba técnica.

Un esperpento é a redución dos gastos, despois da análise que fixo:

- Salario 4.000 €: neste Concello págase 4.000.000 € de salarios e, claro, fala do Sr. Alcalde.

- Teléfono: baixa 30.000 €. Está claro que non nos consta que se faga un mal uso do teléfono desde as instalacións municipais.

- Publicidade: 15.000 €. Este Concello apenas fai publicidade. O único que se fai son panfletos de turismo. Non sei se sería coherente aforrar niso. Estaríamos dispostos??. Quizais habería que deixar de enviar aos veciños os números de teléfono todos os anos.

- Material de oficina: entendo que é unha barbaridade o que se gasta en papel. Cada vez todo leva máis papel: proxectos, expedientes e outros e tamén a oposición leva documentación, fai fotocopias ou pide expedientes.

Vaia análise que fixestes do orzamento. Facédelo con mala idea. Eu estou convencido de que se se baixan os impostos, vostedes votarían en contra, porque pedirían que se baixaran máis. Paréceme que a subida é xusta.

A Sra. Besada Lores di que o PP parécelle mal que digamos que a súa política é miserable e demagóxica, pero é así.

Di que o Sr. Alcalde e a Sra. Alcaldesa fan favores aos

veciños de Poio. Estanse a dar servizos necesarios e para iso estamos aquí, para dar os mellores servizos aos veciños e penso que vostede faría o mesmo.

Estas medidas de aforro exhaustivas, eu non vexo que fora tal despilfarro, xa que partimos dun orzamento de 15 millóns de euros.

A Xunta ten orzamentada a depuradora e agora está parada porque non o queren ubicar en Sanxenxo e non o entendo, cando daría máis servizo a Sanxenxo que a Poio. É moi triste cando hai crédito e están a esperar que se lles diga a ubicación.

Vostedes gobernaron 16 anos para ter saneadas todas as rías e agora culpan aos gobernos actuais de non ter saneamento.

Eu gaño 1.700 € ao mes e non cobro asistencia aos plenos e tampouco cobro por autopistas nin gastos por desprazamentos e vostede sabe que se non tivera dedicación exclusiva cobraría uns 600 € ao mes por asistencia ao pleno.

Di tamén na prensa que estou a tempo parcial. Non é certo porque estou de mañá e tarde e vostedes sábeno de sobra, pero iso non o pon na prensa.

Tamén saben que outros concelleiros cobran 36.000 € ao ano a tempo parcial, pero claro eles son do PP. Será que as horas dun concelleiro do PSOE non valen o mesmo que as dos membros do PP, porque claro como somos fillos de obreiros non podemos gañar o mesmo que os membros do Partido Popular.

Nós empezamos a aforrar aínda que non haxa crise porque espero un aforro de 12.000 € en teléfono para este ano, e estas medidas de aforro xa están tomadas.

Penso que aos veciños de Poio non lles suporá un grande esforzo asumir 14 € ao ano.

O Sr. Domínguez Lino, en resposta ao Sr. Barreiro Lubián, di que o IPC harmonizado 4,6% no mes de setembro, non conta subidas de hipotecas, gasóleos, luz. No ano 95 os veciños pagaban 1.000 pesetas pola rede de sumidoiros, no ano 2009 13.000 pesetas. Sobre melloras de servizos debe ser o polígono industrial, a piscina municipal.

A culpa dos incendios era de Franco e agora a falta da depuradora de Raxó é do Sr. Domínguez.

Pontevedra e Pontecaldelas anunciaron que conxelaron as subidas de taxas para o 2008, rímonos e como son 12 € non pasa nada.

En resposta á Sra. Besada, 1.050.000 € son dun ano e catro meses e o meu pai era froiteiro e somos 10 irmáns e non pasa nada. Todos somos fillos de obreiros.

O Sr. Barreiro Lubián, di que ao Sr. Domínguez só lle importa Poio, vive na súa burbulla e é feliz. Non critica os gastos doutras entidades porque non lle interesa.

Sobre a Festa da Ameixa o Sr. Domínguez Lino tamén nos criticou que as orquestras non son como tiñan que ser e despois critica os gastos.

Non me compares o servizo de saneamento que había no ano 1995 co servizo que hai agora, é increíble. Desde entón construíronse 90 km de rede de saneamento e bombéase a Placeres. Non é minimamente comparable.

O lixo votábase ao lado do Colexio da Seca e daquela pagábanse 4.000 pesetas por votala alí. Agora ninguén di que no prezo do

lixo está incluído o que se lle paga a Sogama: 52 € por tonelada.

En relación ás horas extras, o Sr. Barreiro Lubián di que conseguir que o persoal faga horas extras e que non tiñamos motivos, esa é boa xestión. Iso significa que o persoal traballa. Fanse traballos que requiren dunha continuidade. Se están ben gastados a min non me asusta que sexan 113.000 euros.

A auga era rendible. Fíxose unha boa xestión e investíronse coa concesión do servizo 500.000.000 pesetas, pero o saneamento non era rendible.

Desde o 95 fixéronse dous pavillóns; hai campo de herba e outro de herba sintética; temos máis de 30 parques; a Reiboia era un campo de dunas e agora a xente goza da zona; Museo Colón, Casa de Cultura de Raxó, Praza da Granxa, etc...

O Sr. Domínguez Lino amosa unha foto de Lourido con vertidos do mes de setembro de 2008.

Sométense a votación ordinaria as dúas propostas da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación resultando:

1ª proposta: "Aprobación das Ordenanzas Fiscais".

Resultado: Nove votos a favor (6 BNG e 3 PSOE) e sete votos en contra (PP).

2ª proposta: "A non aprobación das Ordenanzas Fiscais".

Resultado: Sete votos a favor (PP) e nove votos en contra (6 BNG E 3 PSOE).

Polo tanto e de acordo co resultado das votacións efectuadas, o Pleno desta Corporación acordou aprobar provisionalmente, por nove votos a favor, o que supón a maioría absoluta dos dezasete membros legais, e sete en contra, a modificación das ordenanzas fiscais para o exercicio 2009 e que se someta a información pública polo prazo de 30 días no BOP e no Diario de Pontevedra, e que se sigan os trámites legais procedentes.

Neste momento auséntase o Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández, coa finalidade de absterse na votación para a aprobación das facturas en virtude do establecido no artigo 76 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Pasa a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde Dª. María Consuelo Besada Lores, en virtude do establecido no artigo 47.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro.

3162.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 21/2008, SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Pola secretaria xeral do Concello, dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2008 e que di o que segue: "7º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 21/2008 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Dáse conta do expediente e da memoria da alcaldía de data 11 de setembro de 2008 e dos informes de intervención municipal de 11 de setembro de 2008 sobre suplemento de crédito e sobre Reparación ás facturas

da relación que se xunta por importe total de 341.880,37 euros o cal determina a suspensión da tramitación do expediente e resolución da discrepancia polo Pleno e a factura nº 90-137 de Novocondria Servicios Profesionais S.L. relativa a subministro de módulo de aseos por importe de 21.866 euros, ademais de non existir crédito na partida 533.60100 na que procede a súa contabilización é necesario por de manifesto que carece de procedemento de contratación xa que supera o límite de 18.000 euros establecido na Lei 30/2007, de 30 de outubro, pola que se aproba a Lei de Contratos dp Sector Público, polo que o que sería necesario, para levar a cabo o contrato de subministro, levar a cabo o correspondente proceso de contratación: ben mediante concurso público, ben mediante procedemento negociado sen publicidade.

A Sra. Nieto García di que esto se ten que levar a unha mesa de contratación para que se analice e non volva a pasar de encontrarnos cun gasto que non contábamos e sen partida; en canto á relación de facturas que se pretenden aprobar votaremos en contra porque nos parece un descontrol.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, 3 votos en contra do PP e ningunha abstención, de acordo co previsto no artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, acordou propor ó Pleno a adopción das dúas propostas: 1ª Levantamento do reparo segundo o disposto no informe da intervención municipal de data 11 de setembro de 2008 e aprobación da modificación orzamentaria nº 21/2008 de suplemento de crédito e 2ª O non levantamento do reparo e a non aprobación da modificación orzamentaria nº 21/2008 de suplemento de crédito”.

O Sr. Barreiro Lubián di que se trata de aprobar unha serie de facturas que carecían de crédito orzamentario, pero que si tiñamos capacidade económica para poder afrontar.

O Sr. Domínguez Lino di: “Como anunciamos en el punto anterior, seguiremos en este probando y denunciando los despilfarros de este bigobierno de Poio.

En primer lugar queremos denunciar la “**TOMADURA DE PELO**”, que nos están haciendo con el plan de saneamiento que nos presentaron y aprobaron en Mayo del 2008. Y que les vuelvo a recordar que rechazaron nuestro plan que suponía un ahorro real por un importe de 800.000 euros y que no apoyaron ni aprobaron.

Sr. Sobral y Sra. Besada, denunciemos que nos han tomado el pelo en dicho plan en base a lo siguiente:

- Nos presentan una reducción de horas extraordinarias que nos supondrían un ahorro de 80.000 euros, y ustedes saben que no solo no la han reducido, sino que al ritmo que llevan pueden superar las del año pasado y su coste económico.

- En reducción de festejos, nos presentan un AHORRO de 20.000 euros, y lo que pretenden aprobar hoy son facturas extrajudiciales por un importe de 125.000 euros en la Fiesta del mar y otros 23.000 euros en Otros festejos.y que con estas cantidades pasamos de los que habían presupuestado para la Fiesta del Mar y Almeja que eran 180.000 euros a los 361.000 euros gastados hasta ahora, o los 110.000 euros presupuestados para otros festejos por los 165.000 euros gastados hasta este momento. Es decir, del gasto presupuestado en Fiestas por 290.000 euros a día de hoy se han gastado 530.000 euros, es decir de los

20.000 EUROS QUE IBAMOS A AHORRAR, se han gastado mas de 240.000 euros, por tanto más de 40 millones de pesetas de excesos. Esto si es una aplicación CORRECTA Y SENSATA de su plan de saneamiento.

- En atenciones protocolarias dicen AHORRO DE 10.000 EUROS, y llevamos gastado mas de 10.000 euros de lo presupuestados este año 2.008 (42.000 euros frente a los 52.000 euros gastados).

- En cuanto a los contratos plurianuales que proponen, nos gustaría que nos indicasen 1 solo realizado Sra, Besada. No solo no han realizado ninguno, sino como denuncia INTERVENCION en su Informe de Septiembre de este año, siguen realizando contrataciones de suministros incumpliendo el procedimiento de contratación legal correspondiente y esto no es un invento del Partido Popular, sino que lo denuncia Intervención Municipal.

Así podríamos seguirle demostrándoles Sr. Sobral, Sra. Besada el incumplimiento de su plan de saneamiento, y sus despilfarros, que una vez más nos viene a demostrar su nefasta y nula planificación económica, que otra vez hará que los vecinos pagen sus consecuencias, rascándose los bolsillos para pagar sus excesos, sus favores y sus cacicadas a cambio de votos, y que desde el comienzo del bipartito de Poio, BNG-PSOE se han duplicado en Poio y así en este escaso año y medio que llevan juntos ya se han gastado más de 1.050.000 euros en facturas extrajudiciales, y que a este ritmo va a acabar con el Remanente de Tesorería existente en menos de 2 años.

Estas facturas extrajudiciales, por cierto también con el **REPARO correspondiente de Intervención**, por un importe de mas de 341.000 euros, destacamos los mas de **124.000 euros en festas del mar** o los **mas de 23.000 euros en otros festexos**, los **100.000 euros en asfaltados de caminos y materiales** o los **3.000 euros en celebraciones del Dia da Patria Galega así hasta llegar a los 341.881 euros.**

Por tanto apoyándonos una vez mas en nuestras denuncias y que con el tiempo vamos demostrando y comprobando, votamos en contra de dicha modificación y de dicho reconocimiento extrajudicial y le volvemos a pedir a este bigobierno de Sobral y Besada, sensatez, rigor y austeridad ante la época de crisis aguda que estamos padeciendo (y que algunos aún no quieren reconocer) y que por desgracia llegaran tiempos todavía mas difíciles para todos."

O Sr. Barreiro Lubián manifiesta que nos din que aforramos pouco, pero o que pasa é que ingresamos moito. Nós co criterio de ser prudencia na evaluación cando se presuposta polo que hai moitos máis ingresos dos presupuestados e gástase tamén máis.

Oxalá sigamos con esta nefasta planificación porque os resultados son bos. O Concello non ten déficit e non ten problemas de liquidez.

Se agora vostede critica que temos 300.000 € de facturas que non se seguiu o procedemento de gasto pois si, pero dispoñemos de financiación.

É moi difícil fixar os prezos de pequenas subministracións para todos os anos, incluso quixemos contratar a subministración e non se presentou ningún, pero estamos nunha situación moi boa.

A Sra. Besada Lores manifiesta: A nosa intención é rebaixar as horas extras pero os veciños demandan traballos que hai que arranxar.

Cando cheguemos a finais de ano veremos as horas extras.

Hai que gastar moito máis en asfaltado porque hai moitos camiños mal que temos que arranxar.

Vostedes criticánnos se non gastamos, pero se gastamos de máis tamén.

O Sr. Domínguez Lino di que se tan idílica é a situación do Concello, conxele os impostos.

O Sr. Barreiro Lubián di que a diferenza é que agora se fai unha xestión.

Sométense a votación ordinaria as dúas propostas da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación resultando:

1ª proposta: "1ª Levantamento do reparo segundo o disposto no informe da intervención municipal de data 11 de setembro de 2008 e aprobación da modificación orzamentaria nº 21/2008 de suplemento de crédito".

Resultado: Oito votos a favor (5 BNG e 3 PSOE) e sete votos en contra (PP).

2ª proposta: "2ª O non levantamento do reparo e a non aprobación da modificación orzamentaria nº 21/2008 de suplemento de crédito".

Resultado: Sete votos a favor (PP) e oito votos en contra (5 BNG E 3 PSOE).

Polo tanto e de acordo co resultado das votacións efectuadas, o Pleno desta Corporación por 8 votos a favor, o que supón a maioría simple dos dezasete membros legais que compoñen a corporación acordou prestar aprobación ao levantamento do reparo segundo o disposto no informe da interventora municipal de 11 de setembro de 2008 e aprobar a modificación presupuestaria nº 21/2008 de suplemento de crédito, debendo remitirse anuncio ao Boletín Oficial da provincia, para exposición pública e que se sigan os demais trámites sucesivos do expediente.

Neste momento volve ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández.

3163.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DIVISIÓN DAS MESAS ELECTORAIS E CAMBIO DE UBICACIÓN DUN LOCAL ELECTORAL.- Pola secretaria xeral do Concello, dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2008 e que di o que segue: "2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DIVISIÓN MESAS ELECTORAIS E CAMBIO DE UBICACIÓN DE UN LOCAL ELECTORAL.- Dáse conta do expediente e da proposta da alcaldía de data 10 de setembro de 2008 que di o seguinte: "Visto o listado de Mesas Electorais pódese observar que tres delas teñen ó redor dos 900 electores (01 - 001 Mesa A no Local Electoral CEIP VIÑAS; 01 - 002 Mesas A e B no Local Electoral BAIXOS CASA CONSISTORIAL) o que fai que nos procesos electorais se demore excesivamente o escrutinio e dado que no Baixo da Casa Consistorial, onde están emprazadas dúas mesas electorais, non existe espazo suficiente para ditas mesas, por as obras de ampliación do Arquivo Municipal, esta Alcaldía PROPÓN que para as

sucesivas eleccións se distribúan ditas mesas da seguinte forma:

A **Mesa A** do Distrito 01, Sección 001, que comprende os apelidos "A-Z" dos lugares de Valiña e Viñas pasará a distribuírse en: **Mesa A**, comprendendo os apelidos "A-K" e **Mesa B**, comprendendo os apelidos "L-Z", sendo o mesmo Local Electoral de "CEIP DE VIÑAS" na Primeira Travesía Viñas nº 2 do lugar de Viñas.

As **Mesas A e B** do Distrito 01, Sección 002, pasarán a distribuírse en: **Mesa A**, comprendendo os apelidos "A-F", **Mesa B**, comprendendo os apelidos "G-M" e **Mesa C**, comprendendo os apelidos "N-Z", sendo o novo Local Electoral "CEIP ISIDORA RIESTRA" en Camiño da Reiboia nº 10 do lugar de Seca.

As **Mesas A e B** do Distrito 01, Sección 004, pasarán a distribuírse en: **Mesa A**, comprendendo os apelidos "A-F", **Mesa B**, comprendendo os apelidos "G-M" e **Mesa C**, comprendendo os apelidos "N-Z", sendo o mesmo Local Electoral de "CEIP DE VIÑAS" na Primeira Travesía Viñas nº 2 do lugar de Viñas".

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación e que se comunique dito acordo á Unidade de Estatística e Oficina do Censo Electoral en Pontevedra".

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado, adoptándose o seguinte acordo:

A Corporación por unanimidade **acordou:**

Primeiro: aprobar a proposta da alcaldía de data 10 de setembro de 2008 ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, nos seus propios termos.

Segundo: dar traslado do presente acordo á Unidade de Estatística e á Oficina do Censo Electoral en Pontevedra.

3164.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA DO ICIO CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTES DE URBANISMO: 540/07, D. EVARISTO CANCELA PÉREZ, EXP. 297/08, D. CARLOS POUSADA MARTÍNEZ, EXP. 332/08, D. JULIO PÉREZ UCHA, EXP. 334/08, D^a. JULIA MÉNDEZ AROSA E EXP. 234/08 DE D^a. CONCEPCIÓN VILLANUEVA RODRÍGUEZ.- Pola secretaria xeral do Concello, dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2008 e que di o que segue: "3º.- APROBACIÓN BONIFICACIÓN DO 95% DA COTA DO ICIO CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTES DE URBANISMO: 540/07, D. EVARISTO CANCELA PÉREZ; 297/08, , D. CARLOS POUSADA MARTÍNEZ; 332/08, D. JULIO PÉREZ UCHA; 334/08, D^a JULIA MÉNDEZ AROSA E DO EXPTE 234/08 DE D^a CONCEPCIÓN VILLANUEVA RODRÍGUEZ.- Dáse conta do expediente tramitado a instancia dos propietarios de varias edificacións que se pretenden rehabilitar dentro da Area de Rehabilitación de Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo, prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO.

Dándose conta igualmente do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, polo que se informa favorablemente os expedientes de rehabilitación en dita area, así como do informe da intervención municipal, de data 3 de setembro de 2008, de que a ordenanza fiscal preve a concesión dunha modificación individual de ata o 95% da cota que

resulte por aplicación do tipo impositivo previsto para as vivendas unifamiliares e que a bonificación ten que aprobarse polo Pleno do concello por maioría simple.

Igualmente dáse conta do Exp. 234/08 de D^a Concepción Villanueva Rodríguez que se deixara pendente no pleno do día vinte e nove de xullo de 2008 para comprobación de antecedentes das bonificacións de ICIO en vivendas que se emprazan no casco histórico de Combarro; do informe do Aparellador Municipal de data 10 de setembro de 2008 e do informe da intervención municipal de data 11 de setembro de 2008 sobre a ubicación de dita vivenda situada en Rúa Costa de Arriba n^o 5 de Combarro, fóra do eido do Casco Histórico Artístico de Combarro pero dentro da Área de Rehabilitación e que xa en ocasións precedentes se adoptou o criterio de considerar unha vivenda en similar circunstancia como de interese histórico-artístico e en canto a solicitude de devolución do importe ingresado como liquidación en virtude do expediente n^o 130/08 por importe de 538,20 euros corresponde a devolución do importe ingresado en concepto ICIO (468 euros) pero non o importe ingresado en concepto de taxa por expedición de licenza urbanística (70,20 euros).

A Comisión por unanimidade acordou propoñer ó Pleno a aprobación da bonificación do 95% da cota do ICIO das obras seguintes: Expte. 540/07, D. Evaristo Cancela Pérez; Exp. 297/08 D. Carlos Pousada Martínez; Exp. 332/08 D. Julio Pérez Ucha; Exp. 334/08 D^a. Julia Méndez Arosa e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar a cada un dos propietarios o 5% do ICIO e en canto ó Expte. 234/08 de D^a Concepción Villanueva Rodríguez que se realicen os trámites correspondentes para liquidar o 5% do ICIO e a devolución do importe ingresado en concepto de ICIO (468 euros)".

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado, adoptándose o seguinte acordo:

A Corporación por unanimidade **acordou:**

Primeiro: aprobar a bonificación do 95% da cota do ICIO das obras seguintes: Exp. 540/07, D. Evaristo Cancela Pérez; Exp. 297/08 D. Carlos Pousada Martínez; Exp. 332/08 D. Julio Pérez Ucha; Exp. 334/08 D^a. Julia Méndez Arosa e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar a cada un dos propietarios o 5% do ICIO.

Segundo: En canto ao Exp. 234/08 de D^a Concepción Villanueva Rodríguez que se realicen os trámites correspondentes para liquidar o 5% do ICIO e a devolución do importe ingresado en concepto de ICIO (468 euros).

3165.- DESENVOLVEMENTO LOCAL, PROPOSTA DE ADHESIÓN AOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA E DESIGNACIÓN REPRESENTANTES POLÍTICOS E TÉCNICOS DO CONCELLO.- Pola secretaria xeral do Concello, dáse conta do expediente tramitado e da proposta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2008 e que di o que segue: "4^o.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN COMO SOCIO AO GRUPO DE ADHESIÓN COSTEIRA (G.A.C.) DA ZONA 6 E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES POLÍTICOS E TÉCNICOS DESTA CONCELLO.- Dáse conta da Orde do 17 de xullo de 2008, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, pola que se convoca concurso de selección de grupos de acción costeira (DOG de data

28-07-08) e da proposta da alcaldía de data 1 de setembro de 2008 na que propón a adhesión como socio ao Grupo de Adhesión Costeira da zona 6 (Concellos de Pontevedra, Sanxenxo, Poio, Marín e Bueu) e o nomeamento dos representantes políticos e técnicos por parte deste Concello e que son os seguintes: **Representantes Políticos:** 1º Alcalde: Luciano Sobral Fernández, 2º Concelleira de Pesca e Marisqueo: Consuelo Besada Lores. **Representantes Técnicos:** 1º Axente de Desenvolvemento Local: María José Suárez Aspérez, 2º Técnica do Concello: Consuelo de la Peña Costoya.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación”.

Sometida a votación a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, a Corporación por nove votos a favor (6 BNG e 3 PSOE) e sete abstencións (PP) **acordou:**

Primeiro: Excluir na Acta da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas ao Concello de Pontevedra do Grupo de Adhesión Costeira da zona 6.

Segundo: Aprobar a proposta da Alcaldía de adhesión como socio ao grupo de acción costeira da Zona 6 (concellos da Ría de Pontevedra: Sanxenxo, Poio, Marín e Bueu), nomeando como representantes políticos e técnicos por parte do Concello aos que se relacionan de seguido:

Representantes Políticos: 1º Alcalde: Luciano Sobral Fernández, 2º Concelleira de Pesca e Marisqueo: Consuelo Besada Lores.

Representantes Técnicos: 1º Axente de Desenvolvemento Local: María José Suárez Aspérez, 2º Técnica do Concello: Consuelo de la Peña Costoya.

Terceiro: Remitir este acordo á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3166.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2007.- Pola secretaria xeral do Concello, dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2008 e que di o que segue: “6º.- APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2007.- Dáse conta do expediente que, de acordo co establecido no artigo 212.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 142, de data 23 de xullo de 2008, someténdose a información pública polo prazo de 15 días e oito máis, a efectos de reclamacións, reparos ou observacións e que durante o citado prazo que rematou o día 21 de agosto de 2008, non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións en contra da mesma.

A Sra. Nieto García manifesta que o seu grupo non vai votar a favor da aprobación da conta xeral polos mesmos motivos que o levaron a votar en contra da aprobación dos orzamentos e da liquidación.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, 3 votos en contra do PP e ningunha abstencións acordou, de acordo co previsto no artigo 24 do Regulamento Orgánico da Corporación, propón ó Pleno a adopción das dúas propostas: 1ª Aprobación definitiva da conta xeral 2007 e 2ª A non aprobación da conta xeral 2007”.

Non suscitándose debate ningún, sométense a votación ordinaria as dúas propostas da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación resultando:

1ª votación:

1ª proposta: "Aprobación definitiva da Conta Xeral 2007".

Resultado: Nove votos a favor (6 BNG e 3 PSOE) e sete votos en contra (PP).

2ª votación:

2ª proposta: "A non aprobación definitiva da Conta Xeral 2007".

Resultado: Sete votos a favor (PP) e nove votos en contra (6 BNG E 3 PSOE).

Polo tanto e de acordo co resultado das votacións efectuadas, en cumprimento do establecido no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o pleno da corporación ao abeiro dos artigos 22 e 47.1 da Lei 7/1985, de 22 de abril, de Bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, **acordou:**

Primeiro: Prestar aprobación definitiva á conta xeral correspondente ao exercicio 2007.

Segundo: Remitir, xunto con certificación do presente acordo, copia do expediente obrante na Intervención deste Concello ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 12 de outubro do presente ano.

3167.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓNS LOCAIS.- Pola Secretaria Xeral dáse conta da moción presentada e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2008 e que di textualmente: "5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓNS LOCAIS.- Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular de data 10 de setembro de 2008 e data de entrada neste Concello de Poio o día 10 de setembro de 2008 e que tras unha ampla exposición de motivos propón o seguinte acordo: "Na elaboración do proxecto de Orzamentos para o exercicio 2009 se cumprirán os seguintes criterios: 1º Conxelación de todos os soldos dos cargos públicos, alcalde e concelleiros. 2º Eliminación da figura de Asesor de Urbanismo no Concello de Poio. 3º Redución dos gastos de protocolo e representación. 4º Elaboración dun Plan de Axuste do Gasto Corrente, co obxectivo de, cando menos, conxelar o importe destes capítulos e co horizonte desexable de acadar ara o 10% de aforro, para elo se fará un especial fincapé na redución dos gastos de materiais, reparacións, subministros, consumibles, horas extras dos traballadores, etc ... 5º Presupuestación dos ingresos baixo os criterios de máximo rigor e prudencia, realizando un seguimento constante da súa evolución ao longo do exercicio, para poder adaptar as previsións á realidade de xeito permanente. En todo caso, calquera variación das previsións dos ingresos esixirá a inmediata adopción dos correspondentes axustes no orzamento de gastos. 6º Revisión da necesidade e oportunidade das liñas de subvención previstas, realizando os axustes que sexan

viabes. En ningún caso se recortarán subvencións de carácter social nin aquelas que incentiven de xeito directo a actividade económica. Nos restantes casos, conxelárase o importe das subvencións de gasto corrente ou, no seu defecto, minoráranse na mesma porcentaxe na que teñan diminuído os ingresos correntes cos que estas se poidan estar financiando. 7º Non se recurtarán, en ningún caso, as partidas orzamentarias destinadas a atender gastos sociais.”

O Sr. Moldes Martínez da lectura e explica o contido da moción.

O Sr. Barreiro Lubián di que non tivo tempo suficiente para analizar a moción e que polo tanto na votación absteranse ata o Pleno.

A Comisión por 3 votos a favor, ningún voto en contra e 3 abstencións acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ó Pleno a súa aprobación.”

O Sr. Domínguez Lino di que desde o PP e debido a precaria situación económica na que nos atopamos, consideramos conveniente presentar esta moción:

- 1º. Conxelación dos soldos dos cargos públicos.
- 2º. Eliminación do asesor de urbanismo.
- 3º. Gastos protocolo.
- 4º. Reaxuste gasto corrente.
- 5º. Presupostación máis rigurosa
- 6º Que non se recorte o gasto social.

Esta proposta reflectímola no Plan de Saneamento.

O Sr. Barreiro Lubián di que pensei que me ía dar algún dato máis sobre esta moción. A eliminación do asesor de urbanismo parece unha cuestión de manía, casi persoal. A redución que propón pode estrangular determinados servizos e que é moi difícil reducilos. Hai determinadas subministracións que é imposible reducilas. O gasto corrente pode estar en 8.000.000 € aproximadamente, e casi seguro que Fenosa nos subirá o recibo da luz e se ese gasto sube hai que baixar outros máis; hai outros gastos que é moi difícil: asistencias técnicas, tribunais de selección, bacheos, falar de reducir un 10% penso que se pararon a velo pero a conclusión é nefasta. Eu esperaba que deran outros datos porque xa me dirán vostedes de onde van reducir o gasto corrente.

- En canto aos ingresos presupuestarios co máximo rigor e prudencia, xa veño dicindo sempre que se fai así porque significa que imos ter un colchón para non estrangularnos economicamente.

- Non sei se se poden rebaixar as subvencións que se veñen dando. Estas son tan pequenas, que se se reducen xa non se pode dar nada.

- A crise económica é mundial. O importante era comprar a un prezo para vendelo máis caro e as consecuencias son estas e estamos a atravesar un período que tardará en pecharse. Determinados grupo políticos consideraban e fomentaban que o Estado non debía intervir e agora resulta que chaman ás portas do Estado para que interveña. As políticas que propoñen vostedes non son para sair da crise.

Sen matizar determinadas cousas non podemos estar de acordo con esta moción. Unicamente poderíamos estar de acordo como cuestión simbólica. Non sería sensato aprobar isto sen ver as consecuencias.

A Sra. Besada Lores di que entendemos que esta moción volve a ser demagogia pura e non vemos necesidade de aprobala.

Non tería problema ningún na conxelación dos soldos dos cargos públicos pero o resto das medidas non as apoiamos porque o orzamento xa se elaborou con total rigor.

Os gastos sociais son os máis necesarios que se deben ter en conta no orzamento e deberían incluso subir.

Votaremos a favor da conxelación dos soldos dos cargos públicos, e ao resto votaremos non.

O Sr. Domínguez Lino di que no Capítulo 2 Gastos Correntes, relaciona todas as partidas deste Capítulo e di que é onde se pode aforrar. Engade datos sobre compras: Casas noutros Concellos, monumento á memoria, festas.

En canto ao asesor de urbanismo, o Sr. Domínguez Lino di que aquí sempre houbo un secretario e non tiñamos asesor e non entendo por que o temos cando hai dous funcionarios habilitados (secretaria e interventora).

vostede non presentou ninguna proposta de aforro. A nos parecenos bastante aforrar 90.000 € e a vostede dálle a risa.

O Sr. Barreiro Lubián di que aquí se dispara sen saber cara onde. Vostede fala do Capítulo 2. Lee as partidas e non di cales hai que reducir. Eu non sei se podemos rebaixar a luz ou o que se lle paga a Aquagest e a Cespa que son as partidas gordas. Isto pode supor a prestación dun servizo peor, pero para levar a cabo esas reducións habería que sentarse e falalo.

Vostedes non se imaxinan as consecuencias que tería se todos os concellos do estado rebaixasen os seus ingresos un 10%.

Vostede sabe que para contratar determinadas obras hai que ter primeiro os cartos e despois contratalas, e desde que se pide o préstamo ata que se contrata a obra e se executa pasa un tempo e mentres estás a pagar xuros.

O Sr. Domínguez Lino di que o Sr. Barreiro Lubián fala de partidas que non se nomearon, aquí dixémoslle outras partidas. Recoñece que o parque da Memoria traerá moitos visitantes. Fala de festas, compra de casas. Ahí ten xa 500.000€ e non tocamos a luz nin estudos e traballos técnicos.

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Domínguez Lino que sería bo que ao "Parque da Memoria" o chames así.

A contiución, polo equipo de goberno preséntase unha emenda á moción presentada polo PP, en base á conxelación dos salarios, decisión exclusiva dos cargos públicos.

Sometida a votación a emenda a favor da conxelación e en contra dos outros puntos da moción presentada polo PP, a corporación por 9 votos a favor (6 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e sete abstencións (PP) acordou aprobada co seguinte teor:

1º.- Conxelación de todos os soldos dos cargos públicos e concelleiros.

Sometida a votación a moción presentada polo Grupo Municipal

do PP sobre a adopción de medidas de aforro e austeridade no gasto público nas corporacións locais esta quedou denegada por 7 votos a favor (PP) e 9 votos en contra (6 BNG e 3 PSOE.)

3168.- URBANISMO, RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚM. 5765 ADOPTADO POLA XGL DO 22/09/2008, SOBRE ANULACIÓN DO ANEXO AO CONVENIO NÚM. 22 DO POLÍGONO 17 DO PXOM.- Pola secretaria xeral do concello se dá conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, de data 2 de setembro de 2008 e que di textualmente: "6945.-ANULACIÓN DO ANEXO Ó CONVENIO URBANÍSTICO NÚM. 22, DO POLIGONO 17 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.- E previa lectura do informe emitido na data 28/08/08 polo Asesor Xurídico do Concello que di textualmente: "Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral o 27 de agosto de 2008, no expediente de aprobación inicial do proxecto de compensación de dito polígono, presentado pola sociedade "Arquitectura y Hábitat, S.L." , indicando que non pode pronunciarse sobre o contido e procedemento de aprobación do proxecto de compensación, en tanto non se adopte o correspondente acordo plenario sobre o anexo a dito convenio, teño a ben informa-lo seguinte:

Primeiro: Con data 15 de outubro de 2007, esta Asesoría emitiu o correspondente informe, que consta no expediente de revisión do Convenio Urbanístico núm. 22, propoñendo o Pleno do Concello que, previo informe da Secretaría e da Intervención Municipal, e previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo se adoptara o seguinte acordo:

"Primeiro: Deixar sen efecto tódalas cláusulas do anexo ó Convenio Urbanístico reseñado por non ser posible coa lexislación vixente nin reducir a metálica o aproveitamento urbanístico, nin permutar directamente o mesmo cos promotores do polígono, por non existir, a xuízo deste informante, ningunha necesidade que xustificara a permuta (a diferenza do que sucedeu en outros polígonos) nin poder executar estes directamente o proxecto de urbanización da zona verde do polígono, cuxo acordo deberá de notificarse ós promotores, dándolles os recursos procedentes, sen que teñan dereito a indemnización ningunha."

Segundo: Esta proposta de deixar sen efecto o anexo ó Convenio Urbanístico número 22, foi informada pola Interventora Municipal o 11 de outubro de 2007 en sentido favorable á proposta desta Asesoría.

Terceiro: Igualmente con data 18 de outubro de 2007, o Secretario Provisional do Concello emitiu tamén informe favorable á proposta desta Asesoría.

Cuarto: Con data 23 de outubro de 2007 a Comisión Informativa de Urbanismo emitiu informe favorable á proposta de deixar sen efecto o anexo a dito convenio.

Quinto: E o Pleno do Concello en sesión realizada o 30 de outubro de 2007 acordou por unanimidade que quede pendente este asunto ata que se coordine coa sociedade promotora a ubicación do solar que ten que recibir o Concello, polo 10% do aproveitamento lucrativo municipal.

Sexto: Con data 7 de Xullo de 2008, esta Asesoría Xurídica emitiu novo informe desfavorable á aprobación do proxecto de compensación presentado pola Sociedade "Arquitectura y Hábitat, S.L.",

por canto na páxina 5 recóllese o contido do anexo ó Convenio Urbanístico núm. 22, mantendo a vixencia do mesmo, a pesar do informe desfavorable emitido por esta Asesoría o 15 de outubro de 2007, propoñendo que se elimine de dito proxecto de compensación toda referencia a dito anexo, facendo constar ós promotores que renuncian a tódolos dereitos e obrigas que se recoñecían no anexo ó Convenio Urbanístico núm. 22.

Sétimo: Por escrito presentado no Concello na data 14 de xullo de 2008, a sociedade "Arquitectura y Hábitat" aporta nova folla núm. 5 do texto refundido do proxecto de compensación, na que se suprime toda referencia ó anexo de dito Convenio **e igualmente renuncia a sociedade a tódolos dereitos que lle puidesen corresponder derivados do anexo ó Convenio Urbanístico núm. 22.**

Oitavo: Con data 12 de agosto de 2008, esta Asesoría emitiu informe favorable á aprobación do novo proxecto de compensación presentado pola sociedade e visado o 4 de agosto de 2008, no que xa non figura ningunha referencia ó anexo de dito Convenio Urbanístico.

Noveno: O artigo 90.1 da lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que "Tódo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, **renunciar ós seus dereitos.**

E o artigo 91 da mesma lei establece o seguinte:

"1. Tanto o desestimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia"

"2. **A Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desestimento"**

Por todo iso, tendo en conta que a sociedade promotora renunciou expresamente ós dereitos que recoñecía o anexo ó Convenio Urbanístico núm. 22, non habéndose personado no expediente terceiras persoas interesadas, procede a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Anular e deixar sen efecto tódalas cláusulas do Anexo ó Convenio Urbanístico núm. 22, podendo adoptarse o acordo correspondente pola Xunta de Goberno Local, por razón de urxencia, de conformidade co disposto no Regulamento Orgánico Municipal e debendo de darse conta deste acordo ó Pleno do Concello para a súa ratificación e notificándose o acordo que se adopte á sociedade promotora dándolle os recursos oportunos.

2º.- Aprobar inicialmente o proxecto de compensación presentado pola sociedade e visado o 4 de agosto de 2008, seguindo os trámites indicados no informe desta Asesoría de 12 de agosto de 2008.-"

Esta Comisión acorda:

Sometido o asunto a votación, esta resulta:

Votos a favor: Cinco, dos membros do B.N.G. e do PSOE.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: Catro dos membros do P.P, ata que se trate no

Pleno

Polo que se informa favorablemente a anulación do anexo ó Convenio Urbanístico núm. 22 do Polígono 17 do Plan Xeral de

Ordenación Municipal.”

Dándose conta igualmente e do acordo da Xunta de Goberno Local número 5765, adoptado en sesión ordinaria realizada o 22 de setembro de 2008 polo que se acordou elevar a consideración do Pleno do Concello a anulación de todas as cláusulas do anexo ao convenio urbanístico núm. 22, contidas no PXOM do Concello de Poio, deixando pendente de consideración a aprobación inicial do proxecto de compensación presentado pola sociedade “Arquitectura e Hábitat, SL” en tanto non se resolva con carácter previo a devandita anulación polo citato órgano colexiado.

Consta no expediente informe de data 26 de setembro de 2008 emitido pola Secretaria Xeral do Concello polo que se informa favorablemente a anulación das estipulacións do anexo ao convenio núm. 22 obxecto deste acordo.

Sometida a votación a ratificación do acordo 5765 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22 de setembro de 2008, sobre a anulación do Anexo ao Convenio 22, a Corporación por unanimidade **acordou:**

Primeiro: Anular e deixar sen efecto todas as cláusulas do anexo ao convenio urbanístico núm. 22.

Segundo: Comunicar este acordo á interesada Arquitectura e Hábitat, comunicándolle que, contra o mesmo pode, directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3169.- DESENVOLVEMENTO LOCAL, PROPOSTA DE COMPROMISO PARA FONTES DE FINANCIAMENTO DA PARTE DO CUSTO NON SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO NO OBRADOIRO DE EMPREGO POIO IV. Sometida a votación a inclusión deste asunto na orde do día sen ser ditaminada previamente por ningunha comisión informativa esta quedou aprobada por unanimidade, conforme o artigo 82.3 e 97.2, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización,

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Dáse conta da Orde, da Consellería de Traballo, do 21 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e da proposta do Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local, de data 24 de setembro de 2008 que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

Con data 15 de xaneiro de 2008 (DOG nº 10), publicouse a **Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia**- Consellería de Traballo.

Trátase dunha medida que encaixa nas denominadas *políticas activas de emprego* e que se concibe como un programa mixto de formación e emprego, dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de vintecinco o máis anos no caso dos obradoiros, a través da súa cualificación profesional e a adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

No expediente que se leva tramitando neste Concello adoptouse unha resolución de alcaldía aprobando a proposta de solicitude do que será o Obradoiro de Emprego Poio IV (10/07/2008) e esta ratificouse por Pleno (29/07/2008).

As obras a realizar no proxecto son a rehabilitación da Finca de Besada e o acondicionamento do contorno do barrio chabolista de O Vao.

Solicitada pola Consellería de Traballo documentación en relación coas fontes de financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado por esa Consellería e non téndose pronunciado anteriormente sobre este punto ningún dos órganos que adoptaron resolución ou acordo sobre este asunto, por non existir importes contificables ou desglosados debidamente no momento da adopción dos mesmos, e dacordo co informe de intervención que se xunta e dí como segue:

"Primeiro: con relación a subvención mencionada preséntanse dous investimentos:

- **Rehabilitación da Finca Besada:** según a memoria presentada con relación a este proxecto, este comprende a "Consolidación da biblioteca" (que conta cun proxecto que ascende, presuposto de execución por contrata, a 222.759,11€), "Vivendas dos Caseiros" (que conta cun proxecto presentado que ascende, presuposto de execución por contrata, a 116.972,27€) e "Tres casas de bonecas" (sen proxecto).

- **Acondicionamento do entorno do barrio chabolista de O Vao:** non consta proxecto onde se determine o importe da actuación.

Segundo: o importe da subvención solicitada en conxunto para ambos proxectos (que comprende módulos A, B e C) ascende a 1.246.456,80€ según unha memoria que consta no expediente correspondendo ao módulo A (contratación persoal directivo, docente e de apoio) 257.624,38€, ao módulo B (contratación alumnos-traballadores) 801.208,80€ e ao módulo C (gastos funcionamento e xestión) 96.768,00€.

Terceiro: en canto a aportación municipal, no Orzamento do Concello para o presente exercicio existe consignación presupuestaria para satisfacer a parte correspondente a achega municipal ao proxecto durante o período comprendido entre o 29 e o 31 de decembro do presente ano con relación a contratación do persoal docente e directivo e dos alumnos-traballadores.

Con respecto a aportación municipal no vindeiro exercicio 2009 (con relación a aportación de materiais por parte do Concello para levar a cabo os proxectos) deberase habilitar crédito suficiente nas partidas correspondentes da subfunción 321 (Obradoiro de Emprego) quedando a solicitude condicionada a tal consignación.

O importe exposto nos proxectos (da biblioteca e casa dos caseiros na Finca Besada) presentados establece que o importe en execución material dos materiais no proxecto de "Consolidación da biblioteca" ascende a 64.549,15€ o cal, co correspondente IVE do 16% ascende a 74.877,01€. Con relación ao importe en execución material dos materiais para o proxecto "Vivenda dos caseiros" no proxecto presentado da mencionada obra se establece un importe do cadro de mano de obra en execución material 16.013,17€ por o que, o importe dos materiais, sería a diferenza entre o total en execución material e o importe de mano de obra, 68.724,78€ que co correspondente IVE do 16% ascende a 79.720,75€.

Con respecto a actuación das tres casas de bonecas na Finca Besada e no entorno do poblado de O Vao, se descoñece (o carecer de información o expediente) o importe do material que sería preciso utilizar nos mesmos."

Para afrontar a aportación municipal é preciso adoptar un compromiso de habilitación de crédito polo importe antedito: 79.720,75€.

Por todo o dito anteriormente, PROPOÑO ao Pleno desta Corporación:

A adopción do acordo de compromiso de habilitar o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal para o ano 2009. (importe: 79.720,75€)".

Consta no expediente informe emitido pola Intervención Municipal, de data 22 de setembro de 2008.

Sometida a votación a proposta da Concellería de Desenvolvemento Local reseñada a Corporación por unanimidade **acordou:**

Primeiro: aprobar a proposta reseñada nos seus propios termos.

Segundo: dar conta do presente acordo á Consellería de Traballo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro: de conformidade coas consideracións indicadas pola interventora municipal no seu informe de 22 de setembro de 2008, asumir o compromiso de consignar no Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2009 o crédito suficiente para que o Concello poida realizar a achega correspondente a ese exercicio.

Cuarto: dar conta á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas para os efectos establecidos nos artigos 82.3 e 97.2, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

3170.- PROPOSTA FESTAS LOCAIS CALENDARIO LABORAL ANO 2009. Sometida a votación a inclusión deste asunto na orde do día sen ser ditaminada previamente por ningunha comisión informativa esta quedou aprobada por unanimidade, consonte os artigos 82.3 e 97.2, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A secretaria xeral dá conta do acordo número 5787 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o 29 de setembro de 2008 polo que se aprobou a proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2008 de festas locais para o ano 2009 o día 24 de xuño e o día 24 de setembro.

Non existindo debate ningún e sometida a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por unanimidade **acordou:**

Primeiro: Ratificar o acordo 5787 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o 29 de setembro de 2008 polo que se aprobou a proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2008 de festas locais para o ano 2009 o día 24 de xuño e o día 24 de setembro.

Segundo: Dar conta á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas para os efectos establecidos nos artigos 82.3 e 97.2, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- prodúcense as seguintes:

O Sr. Domínguez Lino di que lle agradece a información dos custos do Concello e Xunta sobre os realoxos.

Yo no sé si están sorprendidos de que aquí haya vecinos Caritel, porque según informaciones del Sr. Sobral y de la Sra. Besada dijeron que esos vecinos están integrados. Nos gustaría saber la opinión de los dos.

O Sr. Alcalde di que contestaremos por escrito. Quero que quede claro que non houbo intención de ocultar información. O propietario dos bens é o Concello de Poio, polo cal realizou gastos que están aí e os veciños están pagando o aluguer. Os veciños non aceptan a integración das familias na súa parroquia.

2º. O Concello é consciente de que as dúas familias viven na vivenda que se dividiu en dous porque despois de gastar o diñeiro en Caritel, parece que unha familia volveu ao Bao ou se coñece que se reconstruiu algunha das chabolas.

Á Sra. Besada pregúntalle: No Pleno de vinte e nove de xullo preguntamos cando se ía repoñer a marquesina de Lourido e vostede dixo que está arrancada e se ía poñer, pero os veciños seguen sen marquesina.

Sobre os vertidos puntuais, como di o Sr. Barreiro, non sei se temos que dicir: "O goberno do Sr. Sobral e da Sra. Besada é o inimigo da pesca e do marisqueo en Poio" como dixo o BNG na prensa cando gobernaba o PP.

A Sra. Besada Lores di que nunca dixo que non soubera nada sobre o Bao.

A marquesina non poderei dar orde mañá de que a poñan porque

estarei en Madrid para xestionar a Piscina Municipal, pero tratarei de que se poña para o xoves e preguntarei por qué non se colocou.

Sobre o vertido a Sra. Besada di que unha avaría no pozo de bombeo fixo saltar e abrir o aliviadeiro de evacuación, debido a un problema de subministración eléctrica. Volvo a recordar que vostedes foron os que fixeron unha depuradora en Placeres que agora este goberno tivo que ampliar. Recorde que o PP gobernou 16 anos en Galicia e a tivo olvidada.

O Sr. Barreiro Lubián di que e Poio non hai ningunha zona C. Está en Pontevedra.

O Sr. Pazos Barros di que o vertido de Lourido é puntual e sempre que o PP fala de vertidos na prensa, o prezo do marisco baixa.

O Sr. Alcalde di que o bombeo parou durante tres horas. Foi unha situación puntual.

O Sr. Moldes Martínez dille ao Sr. Pazos Barros que se hai un inimigo dos mariscadores é o PSOE, porque os que denuncian os vertidos sempre é un membro do PSOE de Poio neste caso.

O Sr. Domínguez Lino di que o día 29 de abril de 2008 pedí información sobre gastos de la Galescola y no me ha contestado y el cinco de mayo de 2008 pedí copia del Convenio y se me envió.

A Sra. Nieto di que leu na prensa a contaminación de fecais na prensa a contaminación de fecais da Fonte Baquero e quere saber se ten coñecemento o Concello desta información e en que situación esta a fonte.

O Sr. Alcalde di que os nosos datos de sempre son que esta fonte se utiliza e pedimos á farmacéutica a realización dunha análise que está pendente de chegar

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, polo Sr. Presidente levántase a sesión, da que eu, secretaria xeral dou fe.